



CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzo de Limia – Tlf 988 550 111 – Fax 988 550 112
CIF P3203300C

www.xinzodelimia.gal

3.-ORDENANZA FISCAL Nº 3: REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.

Publicacións:

Creación BOP 30/12/89

Nova publicación BOP 27/12/07

Corrección de erros BOP 19/01/08

Modificación BOP 24/12/2011

Modificación BOP 26/12/2013.

Modificación BOP 31/12/2014.

Ultima modificación BOP nº 217, de 21/09/2022

Disposicións xerais

Art. 1º.- No uso das facultades concedidas polos arts. 133.2 e 142 da Constitución e polo arte 106 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co disposto nos arts. 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa pola expedición de documentos", que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cunhas normas que atenden ó previsto no art. 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Feito Impoñible

Art. 2º.- Constitúe o feito impoñible da taxa a actividades administrativa que se desenvolva con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a administración ou autoridades municipais.

Para estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular e redunde no seu beneficio, aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento das obrigas fiscais do Concello, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra as resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestacións de servizos ou realización de actividades de competencia municipal ou á utilización e aproveitamento especial de bens de dominio público que estean gravados pola taxa municipal correspondente.





CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzo de Limia – Tlf 988 550 111 – Fax 988 550 112

CIF P3203300C

www.xinzodelimia.gal

Suxeitos pasivos

Art. 3º.- 1. Están obrigados ó pagamento da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas naturais ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigos 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate, que a provoquen ou soliciten.

2. O que presente os documentos terá, polo só feito da presentalos, o carácter de mandatario do interesado e substituirá a este, a efectos desta Ordenanza, nas obrigas fiscais que se deriven da solicitude presentada.

Responsables

Art. 4º.-1. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades as que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.Responderán de forma subsidiaria da débeda tributaria as persoas ou entidades as que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Obriga de contribuír

Art. 5º.- A obriga de contribuír nace no momento de presentación no Rexistro Xeral do concello, do escrito, petición ou documento a que fai referencia o artigo 12 de este texto.

Normas de xestión

Art. 6º.- As taxas que regula esta Ordenanza aceptaranse, de forma xeral, polo procedemento de selo adherido ao documento gravado, agás aqueles casos especiais nos que sexa necesario expedir recibo de certificación ou mandamento de ingreso directo.

Art. 7º.- Non se admitirá no escritorio municipal ningún escrito, nin será entregado aos particulares ningún documento, que estando suxeito ao pagamento da exacción regulamentada nesta Ordenanza, non leven adheridos os selos correspondentes, segundo tarifa, ou os recibos de certificación, ou se xustifique que se fixera o ingreso en metálico, cando ese procedese.

Art. 8º.- As certificacións ou documentos que expida a Administración municipal en virtude de oficio de vulgados ou tribunais para toda clase de preitos non se entregarán nin remitirán sen que previamente estean satisfeitos os dereitos da tarifa.

Art. 9º.- Cando se solicite a expedición dunha certificación deberá reintegrarse a solicitude na contía que, conforme as tarifas, corresponda para a primeira folla, formulándose, cando proceder, liquidación de diferenza, unha vez expedida a certificación.





CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzo de Limia – Tlf 988 550 111 – Fax 988 550 112
CIF P3203300C

www.xinzodelimia.gal

Art. 10º.- Os escritos recibidos directamente por correo ou polos condutos aos que fai referencia o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non se lles poderá dar curso sen que se corrixa a diferenza, para este fin requiriráselle ó interesado que, no prazo de dez días, abone as cotas correspondentes, entendendo que, transcorrido este prazo sen efectualo, terase os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude. O interesado deberá, ademais, reintegrar os gastos ocasionados á Administración Municipal polo requirimento.

Cota tributaria

Art. 11º.- 1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes para tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota da tarifa correspóndelle á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende o seu inicio ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

Tarifas

Art. 12.- Os dereitos para satisfacer pola tramitación dos documentos ou escritos regulamentados nesta Ordenanza, serán fixados na seguinte tarifa.

1.- Compulsas documentais.

1.1.-A dilixencia do cotexo de documentos practicada a instancia de parte, se o documento non ten máis que un prego reintegrarase cun selo de:1,92 €.

1.2.- Por cada prego de exceso: 0,64 €.

2.- Documentos expedidos pola Secretaría ou outras dependencias.

2.1.- *Por expedición de certificacións, salvo as relativas ós empadroamentos, convivencia ou dependencia, así como as que se regulen especificamente nas Ordenanzas doutros servizos: 3,85 €.*

2.2.- *Por informes e demais documentos emitidos pola policía local:*

a) Sobre accidentes de circulación: 70,21 €.

b) Sobre partes de servizo deste departamento con desprazamento da correspondente patrulla: 30,09 €.

c) Outros informes: 15,05 €.

d) Expedición de tarxetas de estacionamento (salvo minusválidos):

d1) 1 ano de validez: 3,01 €.

d2) 2 anos de validez: 5,02 €.

2.3.- *Por informes da Alcaldía: 2,99 €.*

2.4.- *Por concesión de autorización para a celebración de actos recreativos (festas, bailes e verbenas): 12,83 €.*





CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzo de Limia – Tlf 988 550 111 – Fax 988 550 112
CIF P3203300C

www.xinzodelimia.gal

2.5.- *Fotocopias de documentos interesados polos particulares solicitantes:*

- Por cada páxina A4: 0,10 € (b/n) e 0,15 € (color).

- Por cada páxina A3: 0,20 € (b/n) e 0,25 € (color).

2.6.- Por concesión de autorización para a celebración de actos recreativos (festas, bailes e verbenas): 12,83 €.

2.7.- *Fotocopias de documentos interesados polos particulares solicitantes:*

- Por cada páxina A4: 0,10 € (b/n) e 0,15 € (color).

- Por cada páxina A3: 0,20 € (b/n) e 0,25 € (color).

3.- Documentos expedidos polo departamento de obras, urbanismo e arquitectura.

3.1.- Por cada informe que se expida sobre características de terreo, ou consulta a efecto de edificación, a instancia de parte: 16,04 €.

(No caso de que no mesmo informe se inclúan varias fincas considerase cada unha como un informe polo que se liquidará a taxa por cada unha)

3.2.- Por cada copia de plano catastral ou plano do PXOU: 3,20 €.

3.3.- Por proporcionar CD ou dispositivo que conteña o Plan Xeral de Ordenación Urbana e demais normativa urbanística municipal: 21,39 €.

3.4.- Por cambios de titularidade de licencias: 53,46 €.

3.5.- Por expedición de cada certificación descritiva e gráfica do PIC: 5,02 €.

3.6.- Por expedición de cada certificado descritivo dos bens catastrais: 6,02 €.

Exencións

Art. 13º.- *Estarán non suxeitos ó pagamento das taxas os expedientes tramitados a instancia das persoas ou entidades seguintes:*

a) *As persoas en risco de exclusión social, o que se acreditará polo interesado mediante a presentación de informe dos servizos sociais do Concello.*

b) *As persoas que obtivesen o beneficio xudicial de asistencia xurídica gratuíta, extremo que se acreditará ó efecto polo interesado*

c) *As persoas que se atopen en paro (presentación SEPE), sexan estudantes (becas, bonobús) ou xubilados (circunstancias que deberán acreditarse ó efecto), no que atinxe ás compulsas documentais así como polos certificados que soliciten para xestións de servizos sociais ou para o acceso á escola infantil municipal*

d) *As asociacións de veciños, culturais, etc. sen ánimo de lucro (extremo que deberá ser acreditado ó efecto) no que atinxe a certificados que soliciten.*

Infraccións e sancións tributarias

Art. 14º.- 1. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta ordenanza, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

-





CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzo de Limia – Tlf 988 550 111 – Fax 988 550 112

CIF P3203300C

www.xinzodelimia.gal

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno municipal na reunión do 7 de xullo de 2022, substitúe e deroga á anterior a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 22 de setembro de 2022, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.

